



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



PROBAS PARA O ACCESO ÁS ENSINANZAS SUPERIORES DE DESEÑO

PROBA DE MADUREZA	PROBA ESPECÍFICA
<p>Esta proba realizarana os/as aspirantes que non posúan os requisitos académicos esixidos con carácter xeral (bacharelato ou título equivalente, ou ter superada a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos), e teñan cumpridos 19 anos no ano de realización da mesma.</p> <p>A proba versará sobre as materias comúns do bacharelato:</p> <ul style="list-style-type: none">- Lingua estranxeira: inglés ou francés.- Lingua castelá e literatura.- Lingua galega e literatura.- Filosofía e cidadanía ou Historia da filosofía.- Ciencias para o mundo contemporáneo ou Historia de España.	<p>Esta proba realizarana os/as aspirantes que posúan os requisitos académicos esixidos con carácter xeral (bacharelato ou título declarado equivalente).</p> <p>Os títulos ou estudos declarados equivalentes aos efectos do acceso, así como os requisitos para as exencións desta proba específica, son os establecidos pola <i>Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia</i> (DOG do 8 de outubro).</p> <p>A proba consta de dúas partes:</p> <p>1ª PARTE:</p> <p>Durante un máximo de tres horas, os/as aspirantes contestarán por escrito a cuestións relacionadas coas seguintes materias:</p> <ul style="list-style-type: none">- A historia das artes en xeral.- A historia das artes aplicadas, os oficios artísticos e o deseño en xeral.- O deseño na especialidade que se desexa cursar. <p>2ª PARTE:</p> <p>Durante un máximo de catro horas, os/as aspirantes realizarán dous exercicios de debuxo:</p> <p>1º exercicio: debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir de documentación facilitada, dun modelo relacionado coa especialidade que se aspira a cursar, proposto polo tribunal, realizado a lapis de grafito sobre papel tamaño DIN A4.</p> <p>2º exercicio: realización a man alzada, utilizando os sistemas e técnicas de representación máis apropiados aos estudos que se aspira a cursar, dos debuxos definidos polo tribunal, do modelo do exercicio anterior.</p>